



*Resolución do 12 de marzo de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se modifica a Resolución do 5 de marzo de 2018 pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidade de linguaxe musical (594460), convocado pola Resolución do 26 de xaneiro de 2018.*

Por unha Resolución do 5 de marzo de 2018, da dirección xeral de Centros e Recursos Humanos, aprobouse relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidade de linguaxe musical (594460), convocado pola Resolución do 26 de xaneiro de 2018.

Con posterioridade a esa data tivo entrada na Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos unha alegación ao baremo provisional, aprobado por unha resolución do 23 de febreiro de 2018, que a persoa interesada formulara dentro do prazo establecido na base sexta da convocatoria acordada pola Resolución do 26 de xaneiro de 2018. Analizada a citada alegación, cómpre estimala e modificar o baremo definitivo, coa conseguinte modificación da orde de chamamentos da citada lista, polo cal esta dirección xeral

**RESOLVE:**

Primeiro.- Modificar o baremo definitivo das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidade de linguaxe musical (594460), de xeito que Vanesa Lacambra Pano, con DNI 73207779K, pasa a ter un total de 5,634 puntos e a ocupar o posto n.º 76 na orde de chamamentos da citada lista; o que significa que Elena González Ordóñez, con DNI 71422748C, pasa a ocupar o posto n.º 77 e Purificación Sosa Roldán, con DNI 47202585F, pasa a ocupar o posto n.º 78.

Segundo.- Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es) do baremo definitivo e da orde de chamamentos na lista segundo o indicado no apartado anterior.

Terceiro.- De acordo co disposto no parágrafo segundo da base séptima da convocatoria acordada pola Resolución do 26 de xaneiro de 2018, contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

galicia

citado portal, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 29/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, ante o xulgado do contencioso-administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

  
José Manuel Pinal Rodríguez